


PEZA DO MES

maio

2016



RAMÓN PARADA JUSTEL
MERCURIO E ARGOS, COPIA DE VELÁZQUEZ

Ramón Parada Justel

Mercurio e Argos, copia de Velázquez

Óleo sobre lenzo

23 x 53 cm

Nº Inv.: CE4887

Un mozo de 17 anos, Ramón Parada Justel (Esgos, Ourense, 1871–Ourense 1902), que sentía a arte como unha profunda vocación, chegaba a Madrid no outono de 1888 para formarse como pintor na *Escuela Especial de Pintura, Escultura y Grabado*, tras superar con éxito o oportuno exame de ingreso. O sistema de ensino entendía que o estudo dos antigos mestres era fundamental para a formación dos xoves estudantes e o Museo do Prado, coas súas extraordinarias coleccións, brindáballes a oportunidade de coñecer e copiar de modo directo as obras dos grandes artistas do pasado. A análise pormenorizada das súas composicións e da súa técnica ofrecía ao mozo en proceso de formación todo un mundo de suxestións que contribuíría ao desenvolvemento da súa creatividade artística.

Durante os seus anos de estudante, tamén Parada Justel fará frecuentes visitas ás salas do Museo do Prado onde realiza diversas copias que podemos seguir a través dos *Libros de Copistas* do propio museo. Non temos constancia desta actividade durante o seu primeiro ano madrileño, xa que o seu rexistro inicial como copista corresponde ao día 15 de marzo de 1890 en que realiza unha copia de *A Dolorosa* de Tiziano (0,80 x 0,40). O 2 de abril de 1891 comezará a copiar o *Testamento de Isabel a Católica* (0,20 x 0,50), obra mestra de Rosales, premiada cunha primeira medalla na Exposición Nacional de 1864 e que causou unha verdadeira revolución estética na pintura do momento. A finais de ano, o 11 de decembro, figura unha copia de *A Virxe da Trindade* de Velázquez (0,47 x 0,63) –debe tratarse de *A Coroación da Virxe*–. Ao ano seguinte, traballa nun Estudio de Rubens (0,97 x 0,67) comezado o 9 de febreiro, e do 8 ao 29 de marzo rexístrase de novo unha copia de *La Coronación de la Virgen* de Velázquez (0,63 x 0,47) –as medidas coinciden co anterior aínda que están invertidas; quizais se refira á mesma copia–. O último dos cadros anotados neste ano é *A Serpe de Metal* de Rubens (1,57 x 1,83), obra que ten asiento do 23 de novembro e data de saída o 7 de xaneiro de 1893.

De todas estas obras documentadas descoñécese o paradoiro actual, a excepción da última delas, unha pintura daquela atribuída a Rubens (como consta no *Libro de Copistas* dos anos 1887-1895) e que desde o catálogo de 1920 se considera obra de Van Dyck. O lenzo de Parada Justel, de gran tamaño, aínda que menor que o orixinal, ao que segue con total rigorosidade, constitúe un excelente exemplo

da capacidade de observación e das calidades técnicas acadadas polo pintor ao finalizar os seus estudos en Madrid, cando contaba tan só vinte e un anos de idade. Consérvase actualmente nas coleccións da Deputación ourensá, onde o enviou o autor acompañando unha solicitude de axuda económica para ampliar a súa formación en Roma, que lle será concedida.

Tras a súa estadía na Cidade Eterna, curta no tempo pero moi enriquecedora en experiencias artísticas e vitais, Ramón Parada Justel reparte o seu tempo entre Ourense e Madrid, onde comezará a participar asiduamente nos grandes certames artísticos do momento: Exposicións Nacionais e Bienais do Círculo de Belas Artes e, novamente, faranse habituais as súas visitas ao Museo do Prado, onde a partir de 1896 aparece exclusivamente como copista de cadros de Velázquez. O 28 de novembro retoma esta actividade copiando *A Fragua de Vulcano* (0,79 x 1,30), obra da que coñecemos unha versión nunha colección particular, de menores dimensións (37,5 x 52 cm). Deste mesmo ano, segundo consta na anotación manuscrita que figura no reverso do lenzo «Estudio de Velázquez. Parada Justel. 1896», é *Mercurio e Argos* (25 x 33 cm), obra que non aparece rexistrada nos *Libros de Copistas*, e que ingresou no museo ourensán en 1985 procedente dunha colección particular. Quizais sexa tamén deste momento outra copia conservada nas nosas coleccións de *A raiña dona Mariana de Austria* (61 x 31 cm), que tampouco rexistran os *Libros* do Prado.

Non achamos novas copias ata 1899, precisamente o ano en que se cumpría o terceiro centenario do nacemento de Velázquez, celebrado con numerosos actos conmemorativos e unha profunda remodelación no Museo do Prado coa solemne inauguración o día 6 de xuño da Sala de Velázquez e a exposición de *As Meninas* nunha sala á parte cunha estudada iluminación.

Son varias as referencias deste ano, no que Parada Justel se atreveu con dúas das obras mestras máis enigmáticas do pintor sevillano: *As Meninas* (0,60 x 0,48), anotada como iniciada o día 10 do mes de marzo e con data de saída de 13 de maio e *As Fiandeiras*, cadro do que constan dous asentos, un do 9 de maio (0,75 x 0,50) e outro do 13 de xullo (0,72 x 0,53), esta última copiada xa na nova Sala de Velázquez. De ambos os cadros temos exemplos en coleccións particulares e ambos levan unha anotación no reverso que os data en 1896 (igual que a que vimos en *Mercurio e Argos*). Supomos que son anotacións feitas despois da morte do artista, tal vez pola irmá Modesta, e quizais erradas na data, pois a copia de *As Meninas* (59 x 50,5 cm) coincide practicamente nas dimensións coas anotadas no *Libro de Copistas*, polo que cabe a posibilidade de que a data destas copias non documentadas fora en



RAMÓN PARADA JUSTEL
A RAINHA DONA MARIANA DE AUSTRIA, COPIA DE VELÁZQUEZ
ÓLEO SOBRE LENZO
69 x 34 CM
Nº Inv.: CE5895

realidade 1899 e non 1896. A copia que coñecemos de *As Fiandeiras* (45,5 x 57 cm) é de menor tamaño.

Este percorrido a través das copias realizadas por Parada Justel no Museo do Prado deixa constancia das súas inspiracións estéticas, do seu temperán interese e absoluta predilección pola obra velazqueña, á que volve a súa ollada unha e outra vez ao longo da súa traxectoria artística, procurando un coñecemento profundo da súa arte, que se converterá para el nunha constante referencia. Trátase en xeral de obras de formato moi reducido con respecto aos orixinais que reproducen e que constitúen testemuños elocuentes da capacidade técnica do artista. Parada tenta captar o realismo atmosférico da obra velazqueña en obras rápidas, de carácter esbozado que reproducen o esencial do cadro e nas que non aparece o traballo minucioso do copista canónico que se detén en tódolos detalles da obra orixinal.

Mercurio e Argos (127 x 250 cm, P-1175), formaba parte dunha serie de catro lenzos realizados por Velázquez, como pintor-decorador ao servizo de Filipe IV, para o salón de espellos do Alcázar de Madrid. Todos eles representaban temas mitolóxicos e formaban parella dous a dous, polas súas dimensións: *Venus e Adonis* con *Psiquis e Cupido* e *Apolo e Marsias* con *Mercurio e Argos*. Soamente

este último tivo a fortuna de conservarse tras o devastador incendio ocorrido no Alcázar en 1734. A orixinalidade do formato, sumamente horizontal, viría condicionada pola súa colocación, figurando nos inventarios do Alcázar como lenzo de entreventás.

O cadro representa un dos episodios máis coñecidos da fábula mitolóxica de Mercurio e Argos, tomado das *Metamorfosis* de Ovidio, autor ao que recorren numerosos artistas de tódalas épocas como fonte de inspiración para as súas realizacións.

O libro I narra os amores de Xúpiter e a ninfa Io, e como, ante as sospeitas de infidelidade por parte da súa esposa Xuno, o deus metamorfoseou a súa amante nunha vaca coa intención de agochar a súa aventura. Xuno, consciente do engano pídelle o animal como regalo e encarga do seu coidado ao pastor Argos, xigante de cen ollos, quen mantiña sempre abertos e vixiantes algúns deles. Mercurio, enviado por Xúpiter para que acabe coa vida do gardián, consegue durmilo mediante o doce son da súa frauta de Pan, e a continuación cortarlle a cabeza. Ovidio relata tamén como Xuno, aflixida polo suceso, recolleu os ollos de Argos e os colocou na cola do pavón, onde permanecen desde aquela.

Velázquez, a diferenza doutros autores que trataron o mesmo tema, como Rubens, elixe o instante de calma previo á cruenta acción. A composición da escena adáptase ao formato apaisado de modo que ambas figuras aparecen repregadas en si mesmas; Argos sentado, á dereita, coa cabeza baixa sobre o peito –postura para a que se sinalou como modelo o *Galo moribundo* dos Museos Capitolinos– e Mercurio, identificado polo seu sombreiro alado, sen o menor vestixio de divindade na súa fisionomía, á esquerda, de xeonllos, avanzando sixeloso cara ao xigante, mentres tras el aparece esvaída a vaca nun pequeno fondo de paisaxe cun ceo crepuscular.

Como realización da etapa final do pintor, quizais de 1659, acusa formalmente unha factura rápida e espontánea, con pinceladas moi fluídas que apenas cobren a imprimación da tea e onde as formas se desfán, nesa factura borrosa e inacabada característica do último Velázquez.

Na versión de Parada Justel, unha réplica de dimensións moi reducidas, vemos unha fiel reprodución do orixinal, totalmente coincidente nos aspectos compositivos aínda que con notables variacións en canto á aplicación da cor. Parada utiliza unha paleta máis escura e aparecen algúns toques de luz, fortemente empastados, sobre unha pintura xeral fluída que deixa ver a grosa textura do lenzo empregado. O pincel discorre rápido e áxil nunha obra que espella esa personalidade inqueda e desacougada que Ramón Parada Justel nos transmite a través da mestría da súa arte, mesmo en obras menores como a que presentamos.



CLAUSTRO DO PATIO DO MUSEO ARQUEOLÓGICO NA SÚA SEDE DA PRAZA MAIOR



ENTRADA Á SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓGICO PROVINCIAL SITUADA AO LADO DO CLAUSTRO DE SAN FRANCISCO



INTERIOR DA SALA DE ESCULTURA DO MUSEO ARQUEOLÓGICO PROVINCIAL

MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana –da que quedan algúns testemuños fragmentarios, pero relevantes na historia da cidade de Ourense–, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente erguer nel o pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico-artístico declarado en 1931.

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha cuidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do ex-convento do mesmo nome, onde están o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

Teléfono : 988 230 430

O horario de visita:

martes a sábado: 9.00 a 22.00 h ininterrompido

domingo: 9.00 a 15.00 h

luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xilgaros s/n, (Centro Santa María de Europa, A Carballeira), 32002 Ourense.

Teléfono: 988 788 439

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9.30 ás 14.30 h e das 16.00 ás 20.30 h

www.musarqourense.xunta.es
mapour@xunta.es

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

TEXTO: Belén Lorenzo Rumbao

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río

MAQUETA: Araceli Gallego

ISSN: 1579-9956

Museo Arqueolóxico



galicia



XUNTA
DE GALICIA